

NINGUÉN COMA MIN

[AUTOBIOGRAFÍA DUN TIRANO]

Texto de IGNACIO CHAO

Ilustracións de EVA SÁNCHEZ

Encadernado en cartón. 21,5 x 28,5 cm. 36 páx. 15 €.

[Ninguén coma min](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-834-5. MareMar.

[Nadle como yo](#) (castelán)

ISBN 978-84-8464-853-6. Obras de autor. Lectores autónomos.

[Ningú com jo](#) (catalán)

ISBN 978-84-16804-85-6. Obres d'autor. Lectura autònoma.

MENCIÓN DO XI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

Son un dos grandes persoeiros

deste país recóndito,

con rol de náufrago,

rêo de si.

Eu, que pertenzo a unha estirpe pobre,

vulgar, afeita a vivir

coa cabeza abaixada,

son agora o elixido...




Ficción e realidade superpóñense nesta metáfora sobre o poder que, a través da figura dun porco, presenta a un tirano que repasa a súa traxectoria vital. O protagonista enxalza o seu carácter único no mundo, facendo da diferenza non un trazo integrador, senón elitista.

A súa linguaxe e o seu ton é petulante, propio dun ser engreído, frío e egoísta. A súa ausencia de empatía cara aos súbditos obrigados a renderlle submisión, de carácter ególatra, o seu desprezo pola cultura, cunha mentalidade enfocada a considerarse o centro do universo e o seu convencemento de que todos os adiantos e comodidades son para o seu beneficio particular, convérteno no perfil do perfecto megalómano. Impermeable ás críticas, calquera opositor é condenable e saberse odiado potencia os seus delirios de grandeza e a súa crenza de que é invencible.

Un inesperado final dálle un xiro rotundo á percepción lectora: tanta grandilocuencia convértese en trivial anécdota ao revelarse a identidade do insolente personaxe.

As ilustracións, figurativas, cun hábil tratamento cromático e de gran detallismo técnico, xogan co simbolismo dos personaxes -ratas, raposos, monos, voitres- e destacan pola agresividade das escenas humanizadas.



- **Temática:** metáfora sobre o poder e a guerra.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** autobiografía; historia contemporánea; relacións humanas; lecturas para a paz e a non violencia; mención do xurado do XI Premio Compostela.
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ninguen-coma-min-g>

Ignacio Chao

(Pontedeume, 1968)

Máster en Libros e Literatura Infantil e Juvenil pola UAB, traballa como editor en Edelvives. Durante dúas décadas dedicouse ao xornalismo cultural e á crítica literaria en prensa escrita, radio e televisión. Tradutor especializado en literatura xuvenil, en 2010 foi recoñecido na Lista de Honra da IBBY. É autor dos libros de poesía *Corazón de segundas partes* (Premio Esquíu 1997) e *Taciturno peregrino* (2006), fotopoemario sobre o Camiño de Santiago. Algúns dos seus poemas están recollidos en antoloxías e obras colectivas.

Eva Sánchez

(Puigcerdà, Girona, 1986)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona, ampliou a súa formación como ilustradora e deseñadora gráfica e multimedia. Dende 2009 ilustrou unha vintena de libros. Tamén participou en numerosas exposicións, sobre todo en Cataluña. Recibiu, entre outros, o Premio CCEI 2016, o galardón ao mellor proxecto no IV Certame de Álbum Ilustrado de Edelvives, e foi seleccionada no IV Catálogo Iberoamericano de Ilustración.

<http://www.evasanchez.cat>